

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21 DE MAIO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTEUN DE MAIO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

7º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^o Antonio González Sanmartín, Rexistro de Entrada nº 2514, de data 20 de maio de 2008, indicando que o escrito presentado no Concello con Rexistro de Entrada nº 1976, de data 21.04.08 sobre apoio ó proxecto do Polígono Industrial de Chapa, aparece o seu nome como titular de varias parcelas lindantes e cercanas, o cal foi realizado sin seu consentimento, estando en total desacordo coa petición do mesmo, polo que solicita se

desmarque do mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.2.- Á vista da denuncia remitida pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, en data 20 de maio de 2.008 con número de entrada no Rexistro Central 2475, polo que se poñía en coñecemento do Concello a posibilidade de que se estean realizando actividades de almacenamento de estércol procedentes dunha explotación avícola sen a correspondente licenza por parte de D. José Manuel Salgueiro Alonso, con domicilio en Breixa nº 36, deste Municipio, que puideron non contar cos actos lexitimadores previstos na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia e na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Que por parte da Secretaría se emita o correspondente informe sobre se existe ou non a correspondente licenza e o alcance da mesma.

SEGUNDO. Que por parte da Secretaría se emita informe en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para reposición da legalidade, no suposto de que as actuacións estéanse levando a cabo sen a oportuna licenza de actividade clasificada.

TERCEIRO. Que por parte dos Servizos Técnicos Municipais se emita, ós efectos de comprobación, se procede adoptar medidas de protección da legalidade e se as actuacións que se están realizando son compatibles co ordenamento urbanístico

2.3.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 2479, de data 20 de maio de 2008, expediente DH.B36.13059 a nome de Dº Rafael Cuñarro Pampín, remitindo resolución de data 12 de maio de 2008 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de dous pozos situados na parcela nº 131 do polígono 62, zona 0, no lugar de Penido, parroquia de Grava (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,15 litros/segundo, para uso pecuario.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.4.- Escrito do colectivos de traballadores do Teléfono de Atención de Emerxencias 112, Rexistro de Entrada nº 2483, de data 20 de maio de 2008, dando a coñecer as condicións laborais precarias nas que están a traballar e as súas reivindicacións salariais acorde á responsabilidade, regulación de tempos de traballo e descanso do persoal, gardas, etc.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.5.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2480, de data 20 de maio de 2008, remitindo o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril de 2008, en relación con “Moción conxunta dos tres grupos provinciais sobre a construción dunha autovía entre Pontevedra e Lugo, por Cerdedo, Lalín, Monterroso e Guntín”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.6.- Escrito de Dº Manuel Taboada Gómez, Rexistro de Entrada nº 2333, de data 12 de maio de 2008, no que expón que con motivo das novas instalacións de auga subvencionada polo Concello para o lugar de Cardigonde, parroquia de Cortegada (Silleda) solicita para as mesmas un tanque ou depósito de auga nas mesmas para uso dos veciños do mencionado lugar.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda remitir este escrito á Concellería de Medio Ambiente.

2.7.- Dase conta do Informe nº 143/08 da Policía Local, de data 15 de maio de 2008, en relación o escrito presentado en data 11 de abril de 2008, Rexistro de Entrada nº 1818, polo Servizo de Ambulancia 061 de Silleda, solicitando reserva de aparcamento para o vehículo de emerxencias á altura do nº 47 da Avda do Parque.

Visto que no mencionado informe indícase que segundo conversacións mantidas con responsables da empresa “Virgen de Fátima”, concesionaria do servizo de ambulancias, éste manifesta que a mencionada solicitude foi presentada por empregados seus, sin indicacións nin consentimento da empresa, que na actualidade non ten proble co estacionamento da ambulancia, prega que se deixe sen efecto esta solicitude.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste informe.

2.8.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 2404, de data 15 de maio de 2008, solicitando informe sobre a rotura de tubos dun paso sobre o río Romanín na parroquia de Dornelas, lugar de Besteiros, segundo inspección realizada en data 07.04.08 pola que compróbase que o paso tiña 3 tubos en paralelo de formigón de 0,60 mm de diámetro por 5 m. de largo, dos que queda 1 m. en condicións, xa que os demais están aplastados dende fai tempo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito a Oficina Técnica municipal para realización dunha inspección sobre os feitos e emitan informe sobre o mesmo.

2.9.- Presentándose dúbidas sobre a titularidade dos terreos onde se ubican o local social e as instalacións deportivas da parroquia de Cortegada, identificados cos números 251 e 255 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Cortegada-Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro: Abrir, de conformidade co disposto no artigo 69.2 da LRJ-PAC e co artigo 48 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, un período de información previa co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia de iniciar o procedemento de investigación encamiñado a determinar a titularidade dos terreos, segundo o regulado nos

artigos 45 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Segundo: Solicitar á Secretaría deste Concello a emisión dun informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, coa incorporación de certificacións dos documentos obrantes no Concello.

3º.- CONTRATACIÓN.-

Non hai asuntos que tratar.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2486, de data 20 de maio de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación Seis da obra “Mellora das Bibliotecas, Locais Sociais e outros servizos: Breixa, Dornelas, Fiestras, Laro, Manduas, etc.”, nº 115/785 do PAM 06-08 (anualidade 2008), e declarar o abono a favor deste Concello de 13.466,66 □□□.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Dase conta do Informe da Policía Local nº 141/08, de data 14 de maio de 2008, sobre visita de inspección ó lugar de Galán, parroquia de Laro, sobre estado da obra construída de forma ilegal por Dª Rosa Mª Rodríguez Pereira, consistente na colocación, nas proximidades do inmovible nº 2, dun silo metálico destinado ó almacenaxe de pienso, comprobándose que a obra en cuestión foi demolida por su propietaria.

A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada deste informe e remitir copia do mesmo ó xulgado.

5.2.- Dase conta do informe da Policía Local nº 144/08, de data 15 de maio de 2008, emitido por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de abril de 2008, relativo o escrito con Rexistro de Entrada nº 1732, de 9 de abril de 2008 presentado por Dº Antonio Colmeiro Pereiras no que manifesta que por parte da propietaria da fican nº 1481 do plano de Concentración Parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro procedeuse á demolición dun tramo de ribazo de dita finca para practicar un acceso á mencionada finca.

Visto que no mencionado informe da Policía Local sinalase:

- na parroquia de Lamela, entre as parcelas nº 1481 e nº 1483 obsérvase un camiño que aparentemente atópase en desuso (o denunciante refírese o mesmo como parcela sobrante).
- dende dito camiño practicouse unha entrada á finca 1481 a modo de rampa,

- demoliendo un tramo dun ribazo existente no linde da mencionada finca, tal como se aprecia na fotografía aportada polo denunciante.
- a finca 1481 é propiedade de Dña. Ofelia Costa Penede, con DNI 35.193.144, e con domicilio na estrada da Estación, nº 11, Manduas (Silleda).
 - consultado o SIXPAC, a parcela sobrante en cuestión aparece reflexada como camiño.
 - a mencionada obra foi realizada sen lincencia algunha.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir o expediente á Oficina Técnica Municipal para que emitan informe e poder determinar si procede iniciar expediente de reposición da legalidade.

5.3.- Escrito do Servizo de Interior e Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 2398, de data 15 de maio de 2008, remitindo copia de denuncia formulada polo CPN contra o titular do establecemento denominado EXILIETA, sito na rúa Venezuela nº 32 de Silleda, polo que solicitan informe sobre a licenza municipal de apertura do citado establecemento así como outros datos sobre o mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Oficina Técnica Municipal para que procedan a remisión da información solicitada.

5.4.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 2470, de data 20 de maio de 2008, remitindo fotocopia da denuncia formulada polo Seprona de Lalín contra carpintería Cuiña, ubicada na parroquia de Chapa, por queima de residuos procedentes da actividade da empresa, e solicitando informe de se a antedita empresa dispón de licenza de actividade tramitada ao abeiro do Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento das actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este expediente á Oficina Técnica Municipal para que procedan a informar sobre o solicitado.

5.5.- Visto o expediente instruído a instancia da PROMOTORA LALÍN 2.000 S.L., solicitando licenza para a realización das obras comprendidas no proxecto de urbanización dun tramo dun vial de nova apertura, rúa prevista no PXOM de Silleda, que parte da rúa República Arxentina e desemboca na praza existente na rúa Morón (Silleda), con número de rexistro de Entrada 440. Proxecto de urbanización redactado pola arquitecta Dona Carmen Tato Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 17 de xaneiro de 2.005.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en data 14 de xullo de 2.005 aprobou inicialmente o devandito proxecto de urbanización, establecendo os seguintes condicionantes:

- “Á presentación das oportunas garantías da execución en forma de aval bancario polo importe das obras descritas no proxecto (119.555,22€).*

- *Á presentación do oficio de dirección das obras, asinado por técnico competente e visado.”*

Visto que a PROMOTORA LALÍN 2000 S.L. aportou a sinalada documentación (en data 28 de febreiro de 2.008, con número de rexistro 1035, preséntase por D. Manuel Framiñán Rodríguez, en representación de la Promotora Lalín 2000, presenta Oficio de dirección facultativa de las obras. En data 7 de marzo de 2.008, presentouse no rexistro do Concello de Silleda, con número 1194, xustificante do aval bancario de data 7 de marzo de 2.008, polo importe de 119.555,22€, sendo avalista a Caixa de aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra –Caixanova), requerida no informe técnico de data 15 de febreiro de 2.005 e no acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xullo de 2.006.

Visto que o expediente foi sometido a a información pública durante o prazo de 20 días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia (de data 07 de abril de 2008), en un dos xornáis de maior circulación da provincia (La Voz de Galicia).

Visto o certificado de Secretaría, de data 15 de maio de 2.008, no que se dispón que, no período de información pública non foron presentadas alegacións.

Visto o disposto no informe de secretaría de data 19 de maio de 2.008.

Visto que e que non se introduciron modificacións ó proxecto de urbanización inicialmente aprobado e que polo tanto, segundo o disposto no artigo 110 da Lei 9/2002 de 30 de Decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia e de conformidade coa xurisprudenza sentada pola STS, Sección 5ª, de 11 mayo 2004, non será necesario un novo período de información pública.

Visto que o órgano municipal competente para a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, en virtude do art. 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 abril) é o alcalde, competencia que foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante resolución de data 8 de xullo de 2.003.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar definitivamente, o proxecto de urbanización presentado por PROMOTORA LALÍN 2.000, S.L., para a realización das obras comprendidas no proxecto de urbanización dun tramo dun vial de nova apertura, rúa prevista no PXOM de Silleda, que parte da rúa República Arxentina e desemboca na praza existente na rúa Morón (Silleda). Proxecto de urbanización redactado pola arquitecta Dona Carmen Tato Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 17 de xaneiro de 2.005.

2.- Conceder salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Alvaro Otero Failde, en representación de PROMOTORA LALIN 2000, S.L., con enderezo no lugar de Pareizo,

parroquia de Goias (Lalín).

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: URBANIZACIÓN DUN TRAMO DUN VIAL DE NOVA APERTURA. Visado polo Colexio Oficial correspondente en data 17 de xaneiro de 2005.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa prevista no PXOM de Silleda, que parte da rúa República Arxentina e desemboca na praza existente na rúa Morón (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto D^a Carmen Tato Fernández (non consta dirección de obras).

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 119.555,22 €

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico.

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 440/05

3º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 2.689,99 € que deben ser ingresadas nas arcas municipais.

5.6.- Actividades Clasificadas

5.6.1.- Examinado o expediente promovido por D^o Juan Manuel Estévez Pazos, en representación de TÉCNICA OFIGESTIÓN, S.L., en virtude de instancia nº 1093 de data 04 de marzo de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a correduría de seguros, a situar na rúa Xeral, nº 96 baixo (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica D^a Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 03 de marzo de 2008 e 13 de maio de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no

expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 13 de maio de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1093/08 instada por Dº Juan Manuel Estévez Pazos, en representación de TÉCNICA OFIGESTIÓN, S.L., para apertura de local para dedicalo a correduría de seguros, a situar na rúa Xeral, nº 96 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.6.2.- Examinado o expediente promovido por Dª FLORA OTERO GÓMEZ, en virtude de instancia nº 886 de data 19 de febreiro de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a legalización de estabulación de gando vacún de carne, a situar na finca nº 829 da zona de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Soutonogueira, nº 9, parroquia de Parada (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Ramón Moreira García, visado polo Colexio Oficial en data 08 de febreiro de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 14 de maio de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a

memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e a súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 886/08 instada por Dª FLORA OTERO GÓMEZ, para legalización de estabulación de gando vacún de carne, a situar na finca nº 829 da zona de concentración parcelaria de Laro-Parada, no lugar de Soutonogueira, nº 9, parroquia de Parada (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia, unha vez obtida a autorización autonómica previa, remitir o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

6.1.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, Dª Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servizo de Axuda a Domicilio, correspondente a Dona Josefa Marcel Conde Miguelez, con domicilio en Negreiros nº 11 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servizo de Axuda a Domicilio de Dona Josefa Marcel Conde Miguelez.

6.2.- Dase conta do escrito de Dº José Liñares Rozados, de data 19 de maio de 2008, solicitando a baixa no servizo de Axuda a Domicilio por traslado a residencia fogar de maiores.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta baixa.

7º.- INTERVENCIÓN.-

Non hai asuntos que tratar.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,